



XEOLOXÍA

MATERIA TRONCAL DE OPCIÓN PARA
2º DE BACHARELATO.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

INTRODUCCIÓN

A Xeoloxía é unha materia **troncal de opción** de **2º de bacharelato**, que amplía e sistematiza os contidos de Bioloxía e Xeoloxía de 1º de Bacharelato, e **é avaliable en selectividade**. Ten unha carga horaria de **4 horas/semana**.

A Xeoloxía, como núcleo central das Ciencias da Terra, achega coñecementos esenciais para entender como funciona o planeta. A materia contribúe a que o alumnado formalice e sistematice a construción de conceptos a través da procura de relacións entre eles e, moi especialmente, ao seu uso práctico. Isto halle permitir coñecer e comprender o funcionamento da Terra e dos procesos xeolóxicos que acontecen para, en moitos casos, poder intervir na mellora das condicións de vida. Estas capacidades serán moi importantes para quen desexe realizar estudos posteriores e que complementen a súa formación como individuo nunha sociedade cambiante e dinámica.

Para a superación desta materia é necesario ter superada a materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1º de Bacharelato.

CONTIDOS

O programa estrutúrase en dez bloques:

Bloque 1: O planeta Terra e o seu estudo.

Bloque 2: Minerais: os compoñentes das rochas.

Bloque 3: Rochas ígneas, sedimentarias e metamórficas.

Bloque 4: A Tectónica de Placas, unha teoría global.

Bloque 5: Procesos xeolóxicos externos.

Bloque 6: O tempo xeolóxico e a xeoloxía histórica.

Bloque 7: Riscos xeolóxicos.

Bloque 8 : Recursos minerais e enerxéticos e augas subterráneas.

Bloque 9: Xeoloxía de España.

Bloque 10: Xeoloxía de campo.

ACTIVIDADES

- Manexaremos mapas topográficos e xeolóxicos para a reconstrución da historia xeolóxica.
- Utilizaremos diversos instrumentos ou recursos como o compás, lupa binocular e estereoscopio.
- Identificaremos os principais minerais, rochas e fósiles do contorno.

A QUEN VAI DIRIXIDA

A materia de xeoloxía está dirixida a aqueles alumnos/as que desexen cursar os seguintes graos:

Enxeñaría agrícola e do medio rural

Enxeñaría forestal e do medio natural

Enxeñaría civil

Enxeñaría das industrias agroalimentarias

Enxeñaría de minas

Enxeñaría de camiños, canais e portos

Grao en Bioloxía

Grao en Xeoloxía

